

DOSSIER

É o momento pararnos a pensar en todos os contidos adquiridos ao longo deste proxecto. Para iso, imos realizar unha serie de actividades neste dossier que che axudarán a reforzar os conceptos aprendidos en relación aos cinco sentidos, o aparello locomotor e o sistema nervioso.

Le con atención ás seguintes cuestións e tenta contestar a todas elas. Non te preocupes se non te acordas dalgunha, podes pasar á seguinte e revisala máis tarde.

1. Completa a seguinte táboa sobre os cinco sentidos que posúe o ser humano.



SENTIDO	ÓRGANO	FUNCIÓN
Olfacto		
	Ollo	
		Captar sensacións a través da pel como a presión, a temperatura e a dor.
	Oído	
Gusto		

2. Responde verdadeiro (V) ou falso (F) nas seguintes afirmacións.

- A retina encárgase de captar sons, grazas aos millóns de células receptoras.
- O nervio óptico envíalle a información ao cerebro para que recoñeza os olores.
- A lingua está cuberta de papilas gustativas que se encargan de recoñecer as substancias que entran na boca.
- A derme é a capa externa da pel que a protexe dos axentes externos coma virus, bacterias e fungos.

3. Completa as partes do olho (parte externa e interna).


Pestanas – córnea – iris – gándulas lagrimais – pupila – cristalino – párpados
retina – nervio óptico – cellas – glóbulo ocular



4. Realiza un debuxo no que representes as diferentes partes da lingua e os distintos sabores que podemos percibir.

5. Completa as partes do sentido do olfacto.

Nervio olfactivo – fosas nasais – orificios nasais – pituitaria




6. Explica o funcionamento do sentido do tacto e cita as súas partes.

7. Explica, coas túas palabras, o funcionamento do oído.

8. Completa os ósos do esqueleto humano.

Mandíbula – úmero – peroné – cranio – radio – fémur – clavícula – tarsos – metatarsos –
costelas – carpos – tibia – falanxes – metacarpos – columna vertebral – omoplata –
falanxes – esterno - cúbito





9. Responde:

a) Que son as articulacións?

b) Que tipos de articulacións hai? Pon un exemplo de cada unha.

10. Completa as seguintes imaxes cos nomes de cada un dos músculos do corpo humano.

Trapezio – tendón de Aquiles – bíceps femoral – dorsal – temporal
 esternocleidomastoideo – bíceps – cuádriceps – peitoral – maseter – frontal – abdominais
 orbicular – glúteo – xemelgo – adutor – tríceps – deltoides – tibial – costais



11. Completa o seguinte texto.

Tecido – célula – aparellos e sistemas – órgano

- a) Os _____ están formados por distintos tecidos que actúan de forma coordinada.
- b) Os _____ son o conxunto de células similares que se unen para realizar unha función.
- c) Os _____ son o conxunto de órganos e outras estruturas que realizan unha función determinada.
- d) A _____ é a unidade máis pequena con vida. Adquiren formas moi distintas para poder realizar diferentes funcións.

Agora enumera as oracións anteriores según os niveis de organización celular.

12. Relaciona cada termo coa súa definición.

- | | |
|-------------------|--|
| a) Cerebro | coordina o equilibrio e os movementos. |
| b) Medula espiñal | atópase no interior da columna vertebral. |
| c) Bulbo raquídeo | procesa a información e elabora respostas. |
| d) Cerebelo | controla os movementos involuntarios. |

13. Responde as seguintes preguntas:

- a) Que son as neuronas?

- b) Como funciona unha neurona?

- c) Debuxa e indica as partes dunha neurona.



“Dossier”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)